



XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS DA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE A EMPREENDEDORAS 2012 – PROGRAMA EMEGA (SI429A)

A data límite de presentación da xustificación é o **30 de novembro de 2012** e realizarase de acordo co establecido na base 14 das bases reguladoras.

As beneficiarias presentarán, conforme ao disposto nesa base, a documentación acreditativa que se sinala, nun único exemplar orixinal:

1. **ANEXO V**: solicitude de cobramento (formulario publicado na Resolución do 14 de maio de 2012, DOG do 22-05-2012).
2. Copia compulsada das **altas das promotoras** no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutualidade profesional, segundo corresponda.
3. Copia compulsada da **inscrición da empresa** no sistema da Seguridade social, cando exista persoal por conta allea.
4. Copia compulsada das **altas na seguridade social das traballadoras** por conta allea e dos **contratos laborais** correspondentes, segundo o asinado no compromiso presentado na solicitude.
5. **Declaración responsable** sobre a realización total do proxecto segundo o plan de empresa presentado incluíndo a **relación de xustificantes de gasto** na que consten –obrigatoriamente- o número e data da factura ou documento equivalente, identificación da persoa acreedora, concepto, importe sen IVE e data de pagamento (os documentos de gasto non se aportan na xustificación, solo se presentan si esta Secretaría Xeral ou calquera dos órganos de control o solicitan expresamente).
6. **ANEXO IV**: declaración de axudas **actualizada** á data de xustificación (formulario publicado na Resolución do 14 de maio de 2012, DOG do 22-05-2012). As C.B. e S.C. teñen que presentar un anexo por cada socia e outro pola empresa.
7. Acreditación do cumprimento da obriga de **publicidade do financiamento** público: fotografías da exposición no lugar onde se realiza a actividade fronte ao público en xeral, pantallas da páxina web da empresa, etc., onde se visibilice a exposición/difusión do **cartel informativo** sobre o financiamento do **Fondo Social Europeo** e da Secretaría Xeral da Igualdade, conforme ao disposto na base 19 das bases reguladoras.

*A base 13 sinala as **obrigas para as beneficiarias**, que se prolongan durante o período de permanencia na actividade (tres anos desde que se adquire a condición de beneficiaria – data da concesión- ou desde que se produce a alta das traballadoras por conta allea, esta é posterior) durante o cal, **no mes de decembro de cada ano** –incluído 2012- teñen que achegar o **informe de situación de todos os códigos de cotización** da empresa emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.*

Para calquera dúbida ou aclaración pode enviar a súa consulta
ao enderezo promocion.igualdade@xunta.es identificando o número de expediente